

PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE DO PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (FORMACIÓN E APRENDIZAXE) PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

O **obxecto** da presente convocatoria é poñer en marcha o programa de emprego “REDONDELA TIC III” dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Os **postos** que se convocan son os de **DOCENTE**:

ESPECIALIDADE DE HOSTALERÍA:

1-Experto/a docente para a impartición do MF1051_2 **Inglés profesional**, para servizos de restauración, a xornada parcial, por un período máximo de 150 horas e as vacacións que lle corresponda.

2-Experto/a docente en HOSTALERÍA:

OPCIÓN A: Contratación dun/ha único/a experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados:

-Experto/a docente en **HOSTALERÍA** (Xornada completa) por un **período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de emprego**, incluídas as vacacións que lles correspondan, para a impartición dos certificados de profesionalidade tal e como están recollidos no proxecto do Programa de Emprego “Redondela TIC III” (**OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108) e SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA (HOTR0508)**).

OPCIÓN B: Contratación individual dun/ha experto/a docente para cada certificado:

-Experto/a docente en **OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA**: A xornada parcial, por un **período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de emprego**.

-Experto/a docente en **SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA**: A xornada parcial, por un **período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de emprego**.

Só se acudirá a esta segunda fórmula de contratación, se non se atopa ningunha persoa interesada que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados de profesionalidade.

As persoas interesadas deberán indicar na instancia de solicitude para que posto ou postos participan.

ESPECIALIDADE DE DESEÑO GRÁFICO PARA A COMUNICACIÓN:

-Experto/a docente en DESEÑO GRÁFICO PARA A COMUNICACIÓN:

OPCIÓN A: Contratación dun/ha único/a experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados:

-Experto/a docente en **DESEÑO GRÁFICO PARA A COMUNICACIÓN** (Xornada completa) por un **período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de emprego**, incluídas as vacacións que lles correspondan, para a impartición dos certificados de profesionalidade tal e como están recollidos no proxecto do Programa de Emprego “Redondela TIC III” (**DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS (ARGG0110) e XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112): MF2187_3; MF2188_3; MF2189_3**)

OPCIÓN B: Contratación individual dun/ha experto/a docente para cada certificado:

-Experto/a docente en **DESEÑO DE PRODUTOS GRÁFICOS**: Xornada completa ou parcial, segundo o que se estableza na programación do proxecto; por un período máximo de 1.015 horas e as vacacións que lle corresponda.

-Experto/a docente en **XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN**: Xornada completa ou parcial, segundo o que se estableza na programación do proxecto; por un período máximo de 630 horas e as vacacións que lle corresponda.



Só se acudirá a esta segunda fórmula de contratación, se non se atopa ningunha persoa interesada que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados de profesionalidade.

Para o caso de ser necesario a contratación individual de experto/a docente para cada certificado a contratación dos docentes virá determinada pola programación que se comunique á Xunta de Galicia para a impartición da especialidade.

As persoas interesadas deberán indicar na instancia de solicitude para que posto ou postos participan.

Formularase un CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL, PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, que poderá ser A TEMPO COMPLETO ou A TEMPO PARCIAL.

Requisitos: as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos xerais da base terceira, os seguintes requisitos, para ser admitidas na presente convocatoria:

Requisitos específicos:

Os/as expertos docentes **teñen que acreditar competencia docente** (Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia de formación profesional para o emprego- RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, de 15 de marzo).

Poderán acreditar tamén a competencia docente requirida con:

- Licenciatura/diplomatura en pedagogía, psicopedagogía ou mestre/a (ou título de grao no ámbito da psicoloxía ou da pedagogía ou postgrao neses ámbitos).
- Título de especialización didáctica expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia ou equivalente.
- Experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas, nos últimos 7 anos, en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Requisitos mínimos para a impartición do certificado de profesionalidade:

ESPECIALIDADE FORMATIVA HOSTALERÍA:

1-Experto/a docente para a impartición do MF1051_2 **Inglés profesional** para servizos de restauración:

- Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos), relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:

- Licenciado/a en Filoloxía, Tradución e Interpretación da lingua inglesa correspondente ou título de grado ou equivalente.
- Calquera outra titulación superior coa seguinte formación complementaria:
 - Ter superado un ciclo dos estudos conducentes á obtención da Licenciatura en Filoloxía, Tradución e Interpretación en lingua inglesa ou titulación equivalente.
 - Certificado ou diploma de acreditación oficial da competencia lingüística da lingua inglesa como Certificado de Nivel Avanzado das Escolas Oficiais de Idiomas u outros equivalentes ou superiores recoñecidos.
- Titulación universitaria cursada nun país de fala inglesa, nos seu caso, coa correspondente homologación.

2-Experto/a docente en HOSTALERÍA:

A-Para o caso da contratación dun/ha único/a experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108) e SERVICIOS DE BAR E CAFETERÍA (HOTR0508):

- Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos), relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:

- Estudos universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico/a superior da familia profesional de Hostalería e Turismo.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostalería e Turismo.

- Experiencia profesional mínima de 3 anos (nos últimos 10 anos) relacionada coa especialidade formativa, sen a titulación.



B-Para o caso da contratación individual de experto/a docente para cada certificado:

- Experto/a docente OPERACIÓN S BÁSICAS DE COCIÑA:

- Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos), relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:

- Estudos universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico/a e Técnico/a superior da familia profesional de Hostalería e Turismo
- Certificados de profesionalidade de nivel 2 e nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostalería e Turismo.

-Experiencia profesional mínima de 3 anos (nos últimos 10 anos) relacionada coa especialidade formativa, sen a titulación.

-Experto/a docente SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA:

-Experiencia profesional mínima de 1 ano (nos últimos 10 anos), relacionada coa especialidade formativa e algunha das seguintes titulacións:

- Estudos universitarios relacionados coa especialidade.
- Técnico/a superior da familia profesional de Hostalería e Turismo.
- Certificados de profesionalidade de nivel 3 da área profesional de Restauración da familia profesional de Hostalería e Turismo.

-Experiencia profesional mínima de 3 anos (nos últimos 10 anos) relacionada coa especialidade formativa, sen a titulación.

ESPECIALIDADE FORMATIVA DESEÑO GRÁFICO PARA A COMUNICACIÓN:

A-Para o caso da contratación dun/ha único/a experto/a docente que cumpra os requisitos para a impartición dos dous certificados: DESEÑO DE PRODUCTOS GRÁFICOS (ARGG0110) e XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN (COMM0112): MF2187_3; MF2188_3; MF2189_3):

- Titulación requirida: Estudos universitarios relacionados coas especialidades.

- Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidades formativas, nos últimos 10 anos.

B- Para o caso da contratación individual de experto/a docente para cada certificado:

- Experto/a docente DESEÑO DE PRODUCTOS GRÁFICOS:

- Titulación requirida: Estudos universitarios relacionados coa especialidade.

- Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidade formativa, nos últimos 10 anos.

- Experto/a docente XESTIÓN DE MARKETING E COMUNICACIÓN:

- Titulación requirida: Estudos universitarios relacionados coa especialidade.

- Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidade formativa, nos últimos 10 anos.

Presentación de solicitudes:

As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo, deberán presentar unha instancia- **ANEXO I** (cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello (www.redondela.gal)) **xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos para posto e a documentación necesaria para a valoración dos méritos** e será dirixida á Alcaldía. A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun dos **diarios de maior tirada na localidade**, no **taboleiro de anuncios da Sede Electrónica** (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), **na páxina web, apartado Emprego Público** (<http://redondela.gal/gil/empregopublicor>) da **entidade promotora**.





Admisión de persoas aspirantes:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a **lista provisional de persoas admitidas e excluídas**, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello. As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a **lista definitiva** que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Bases reguladoras da convocatoria:

As bases desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), na páxina web, apartado Emrego Público (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>) da entidade promotora e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego correspondente.

